CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE
Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax 986760130
Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201

# MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE MONTAXE DE INSTALACIÓN PARA FESTA E VERBENA POPULAR

| 1.DATOS DO SOLICITANTE<br>NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL: | | | NIF/CIF/ ou equivalente: |
|---|---|---|---|
| REPRESENTANTE: NOME E APELIDOS: | | | NIF ou equivalente: |
| ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN: | | | |
| LOCALIDADE: | PROVINCIA: | PAÍS: | C. POSTAL: |

| TFNO. FIXO : | TFNO. MÓBIL: | FAX: | ENDEREZO ELECTRÓNICO: |
|---|---|---|---|
| | | | |

| 2 | TIPO DE ACTUACIÓN: |
|---|---|

| 3 | DATOS DA INSTALACIÓN: |
|---|---|
| LUGAR: | |
| PARROQUIA: | REFERENCIA CATASTRAL: |
| DESCRICIÓN DA INSTALACIÓN OU ESCENARIO MÓVIL: | |
| IDENTIFICACIÓN DA TRACTORA (MATRÍCULA E DATA DE VIXENCIA DA ITV): | IDENTIFICACIÓN DO ESCENARIO (MATRÍCULA E DATA DA VIXENCIA DA ITV): |

| 4 | **DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN** (Marque cun “x” a documentación xeral e a específica que se xunta) |
|---|---|

**CON CARÁCTER XERAL** AS SOLICITUDES DEBERÁN ACOMPAÑARSE DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN E NO SEU CASO COA ESIXIDA, POLA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA APLICABLE (NO APARTADO OUTROS DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN):

- ☐ Se for o caso, a autorización, ou informe ou a declaración ambiental que proceda, de conformidade coa normativa específica aplicable.

- ☐ O proxecto e a documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.
- ☐ A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destas.
- ☐ O documento acreditativo da dispoñibiliade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietarios/as ou arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xuridico.
- ☐ Se for o caso, o certificado, a acta ou o informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.
- ☐ O documento acreditativo asinado polo/a initeresado/a da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos esixibles.
- ☐ Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa aplicable.
- ☐ Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables, será preciso achegar, xunto coa documentación requirida as seguinte documentación:
  1) O documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.
  2) A marcación CE e a declaración CE de conformidade das instalación que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.
  3) Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa aplicable.

***O custo dos informes, das certificacións e das actas de verificación ou control de funcionamento e de revisión será por conta dos/as solicitantes.***

OUTROS DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN:

- o ...........................................................................................................................................................
- o ...........................................................................................................................................................
- o ...........................................................................................................................................................
- o ...........................................................................................................................................................
- o ...........................................................................................................................................................

## 5 COMUNICACIÓN PREVIA:

O/A ABAIXO ASINANTE **DECLARA**, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE APORTA A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA, E DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- Que conta coa documentación específica da actividade segundo a normativa sectorial de aplicación.
- Que se cumprirán os requisitos legalmente esixidos durante todo o período de tempo inherente ao exercicio da actividade.
- Que dispón de título que lexitima a ocupación dos terreos onde se ubicarán a actividade de referencia e recabou todas a s autorizacións sectoriais que fosen necesarias para o seu exercicio.
- Que se compromete a asumir a limpeza do recinto unha vez concluída a celebración do evento.
- Que se dará cumprimento aos límites no horario previstos na Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia
- Que para os efectos da normativa sobre protección de datos persoais autorízase a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

(**NOTA INFORMATIVA:** O artigo 69.4 da Lei 39/2015 do 2 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento no que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigación do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de

tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

En ………......................................................, a ………de ………………......……… de ...........

Asdo.: ……………………………………………………………………………………………….

*De Concello de Cerdedo – Cotobade é o Responsable do Tratamento dos datos persoais do interesado e infórmao de que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril (GDPR), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro (LOPDGDD), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:*
*Fins e lexitimación do tratamento: prestación dos servizos solicitados (iterese público e/ou obrigación legal).*
*Criterios de conservación dos datos: non se conservarán durante máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia e cando xa non sexa necesario para iso, surpimiranse con medidas de seguridade axeitadas para garantir a pseudonimización dos datos ou a destrución total destes.*
*Comunicacións dos datos: non se comunicarán os datos a terceiros, agás obriga legal ou que sexa necesario para a prestación do servizo.*
*Dereitos que asisten ao interesado: Dereito a retirar o consentimento en calquera momento, dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e de limitación ou oposición ao seu tratamento, dereito a prestar unha reclamación ante a autoridade de control (www.aepd.es) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.*
*Datos de contacto para exercer os seus dereitos: Concello de Cerdedo-Cotobade. Chan 11-Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Correo electrónico: dpd@cerdedo.cotobade.gal.*
*Datos de contacto do delegado de protección de datos: Ramón Santos Pérez, dpd@cerdedo-cotobade.gal*